

**EXPTE 69/142****ASUNTO.- INFORME RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE SUBVENCIÓNS E DAS CORRESPONDENTES SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS INCLUÍDAS NOS ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA.****Sr. D. Luis García Álvarez  
Director superior contable e  
orzamentario  
Contabilidade**

Seguindo a solicitude do Director Superior Contable e Orzamentario, procédese a emitir informe xustificativo das subvencións nominativas que se incluírían no orzamento municipal para o exercicio 2021 nos programas 3340-Promoción Cultural, 3331-Equipamentos culturais e 3330-Museo de Castrelos, según o listado de entidades e importes que lle foi aportado a esta xefatura:

**LIÑA 1.- Convenios de promoción e difusión da cultura**

Esta liña estratéxica responde ao obxectivo de subvencionar aquelas programacións culturais que organizan entidades sen ánimo de lucro e/ou empresas, que teñen estabilidade ao longo do ano e un forte arraigo dentro da cidadanía. Estas programacións considéranse en todos os casos de interese público, social e cultural.

Os obxectivos básicos que se persiguen son:

- Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantizando o exercicio de acceso universal á mesma, mediante a promoción e difusión cultural e artística
- Satisfacer as demandas culturais da cidadanía en xeral, e a potenciación e conservación da artes escénicas e da música nas súas distintas vertentes en especial
- Facilitar o desenvolvemento de actividades, accións e intervencións que contribúan á implantación e difusión da cultura, en especial as relacionadas coas artes escénicas e/ou da música en xeral
- Fomentar a participación activa dos cidadáns, individual e/ou colectivamente na promoción da acción cultural da cidade, posibilitando o desenvolvemento de diferentes programacións culturais e artísticas
- Favorecer a creación e potenciación de novos públicos, especialmente no ámbito das artes escénicas e/ou da música

As subvencións van dirixidas a persoas físicas ou xurídicas, entidades sen ánimo de lucro, empresas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos oo se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:55

Páxina 1 de 10

Expediente 69/142

CSV: 2DE683-42E256-42B9B7-1Y462N-EA9C6U-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



No exercicio 2021, téñense incluído as seguintes subvencións nominativas:

**1.- Ártika CB, E-27806942, 4.000 €. Programación de artes escénicas e musicais**

A Sala Ártika naceu no ano 2014 co obxectivo de achegar aos cidadáns o teatro, converténdose nun punto cultural de referencia na cidade e incluso en Galicia. A día de hoxe, conta con espectáculos todas as fins de semana, incluíndo distintas disciplinas artísticas tales como o teatro (actores, títeres e obxectos), danza, música, circo, maxia...e tanto para público adulto como para público familiar. Ademais, inclúe programacións destinadas a colexios e institutos, con espectáculos adaptados ás distintas etapas educativas.

Por último, a Sal Ártika cumpre a importante función de sede e lugar de residencia de compañías teatrais da cidade.

**2.- Teatro Ensalle SLL, B-36920247, 5.000 €. Programación de teatro**

TEATRO ENSALLE é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

**3.- Instituto Estudios Vigueses, G27767524, 37.000 €. Programa de actividades**

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.

**4.- Cine Club Lumiere, G-36.758.696, 10.000 €. Programación de cine en versión orixinal**

CINECLUB LUMIÈRE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.



**5.- Fundación Coral Casablanca, G-27753771, 27.500 €. Programación de concertos**

FUNDACION CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca. Realiza dende hai anos unha programación anual estable de concertos, participando nas principais celebracións da cidade. Ademais, realiza funcións de captación de novos valores da música coral, promovendo distintas formacións dende idades tempranas.

**6.- Orquesta Clásica de Vigo, G-36688422, 21.000 €. Programación de concertos**

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e tres anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

**7.- Asociación Amigos da Ópera de Vigo, G-36622116, 50.000 €. Outono lírico**

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social. Por este motivo, realiza anualmente programacións estables de ópera, que teñen un alto seguimento dos cidadáns.

**8.- Fundación Carlos Casares, G-36907244, 6.000 €. Programa de actividades**

FUNDACIÓN CARLOS CASARES é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia. Por este motivo, realiza actividades ao longo de todo o ano para recoñecer e dar a coñecer a figura de Carlos Casares entre a cidadanía.

**9.- Asociación de Corais Polifónicas de Vigo-ACOPOVI, G-36980928, 195.000 €. Programación "Vigo, un mar de corais"**

ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral. En total aglutina a case 40 masas corais da cidade.





**10.- Federación de bandas populares de música de Vigo, G-36855906, 173.200 €.**  
**Programa “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música”**

FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

**11.- Asociación Premios da Crítica, G-27847839, 9.000 €. Premios da Crítica**

ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, con máis de corenta edicións realizadas. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

**12.- Fundación Sondeuseu, G-36968741, 8.000 €. Programación de concertos**

FUNDACIÓN SONDESEU xestiona a orquestra SONDESEU OFG, que naceu froito dunha experiencia didáctica levada a cabo no departamento de Música Tradicional e Folk da Escola de Artes e Oficios de Vigo (actual ETRAD) no curso 2000-2001. Nace como a primeira orquestra estable de Europa con repertorio folk, que interpreta música tradicional arranxada especialmente para unha ampla variedade de instrumentos tales como as zanfonas, arpas, gaitas, voces, percusións, violíns, buzuquis, requintas e contrabaixos.

Te realizado actuacións en diversos festivais de Europa, tales como o CeltFest de Irlanda, Ethnohelmántica de Salamanca, Celtica Aosta, Intercéltico de Lorient-Bretaña, Teatro Circo Price de Madrid....Ademais, ten liderado a organización, xunto ao Concello de Vigo, a Rede Europea de Orquestras de Flok, auspiciado pola Axencia Europea da Educación e a Cultura.

**13.- Sociedade Filarmónica de Vigo, G-36652881, 15.000 €. Programación de concertos**

SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai máis de cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.





**14.- Orquestra VIGO 430, G-27743475, 125.000 €.** *Tempada musical de concertos*  
ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e, tal e como establecen os seus estatutos, ten como fins sociais “a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais”. Foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. Está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

**15.- ASOCIACIÓN KV2211-ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO, CIF G-27860667, 10.000 €.** *Tempada musical de concertos.*

A ASOCIACIÓN KV2211-ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO naceu co obxectivo de impulsar os instrumentos de corda entre os máis xóvenes. Baséase no sistema de José Antonio Abreu, músico, economista, político, activista e educador venezolano que fundou a Orquestra Nacional Juvenil de Venezuela e o Sistema Nacional de Orquestas Sinfónicas Juveniles, Infantiles e Pre-Infantiles de Venezuela.

Por este motivo, superan a idea dun simple proxecto musical ao sumarlle un carácter educativo, social e cultural. Ademais, cumpren outro obxectivo: a creación dunha canteira para nutrir ás orquestras profesionais.

Trátase pois dun proxecto singular e novidoso, dirixido a un sector de público especialmente sensible e cuns obxectivos amplos de carácter musical, educativo e social.

## **Liña 2.- Subvencións nominativas a eventos culturais relevantes**

Esta liña estratéxica responde ao obxectivo de subvencionar aqueles eventos culturais que organizan entidades sen ánimo de lucro e/ou empresas, que teñen un forte arraigo na cidade e que supoñen programacións e/ou concursos de características individualizadas e exclusivas. Estes eventos considéranse en todos os casos de interese público, social e cultural.

Os obxectivos básicos que se persiguen son:

- Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantizando o exercicio de acceso universal á mesma, mediante a promoción e difusión cultural e artística
- Satisfacer as demandas culturais da cidadanía e a potenciación e conservación da cultura nas súas distintas vertentes





- c) Facilitar o desenvolvemento de eventos actividades, accións e intervencións que contribúan á implantación e difusión da cultura
- d) Fomentar a participación activa das entidades sen ánimo de lucro na promoción da acción cultural da cidade, posibilitando o desenvolvemento de diferentes programacións culturais
- e) Apoiar eventos culturais relevantes que se desenvolven no termo municipal e con arraigo dentro da cidadanía

As subvencións van dirixidas a persoas físicas ou xurídicas, entidades sen ánimo de lucro, empresas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos oo se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

No exercicio 2021, téñense incluído as seguintes subvencións nominativas:

**1.- Sinsaludio SL, B-36898369, 7.000 €. Festival Sinsal**

SINSALAUDIO S.L. ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

**2.- Asociación Cultural Vértixe Sonora, G-27751296, 7.000 €. Festival Internacional de reacción contemporánea**

ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuzada da creación sonora internacional.

**3.- Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, G-36791291, 10.000 €. Festa da Cultura**

AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas





no desenvolvemento das súas actividades; motivo polo que organizan dende hai varios anos a FESTA DA CULTURA na cidade de Vigo.

**4.- Conservatorio Superior de Música de Vigo, Q-8650014-G, 4.000 €. Festival “Nas Ondas”**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”, que tense consolidado como un referente da actividade musical en Galicia.

**5.- Asociación Galega de instrumentos de corda-AGIC, G-27761196, 9.000 €. Concurso de instrumentos de corda**

ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, veñen organizando dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo”, como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e demostrar o nivel interpretativo requerido para a evolución das súas carreiras musicais. O concurso ten ampliado nos últimos anos o seu ámbito xeográfico a toda a Península Ibérica.

**6.- Asociación de Música Clásica, G-27813286, 9.000 €. Concurso de piano “Cidade de Vigo”**

ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan dende o ano 2017 o CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”, cunha alta participación de músicos de todo o mundo.

**7.- Federación de Libreiros de Galicia, V-15038458, 5.000 €. Feiras do Libro de Vigo**

FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.



**8.- Asociación Cultural Reencanto Producións, G-27780766, 5.000 €. Festival Primavera do cine en Vigo**

ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN S é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o Festival Primavera do Cine en Vigo, evento que se ten convertindo nun referente do sector a nivel non só da comunidade autónoma galega, se non tamén no resto de España e incluso Portugal.

**9.- Agrupación Fotográfica Galega, G-36733616, 8.000 €. Maratón Fotográfico**

AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrumpidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade, cunha alta participación.

**10.- Asociación Galega Audiovisual Inclusiva-AGAIN, G-27854306, 5.000 €. Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo, VIIFF 2021**

ASOCIACIÓN GALEGA AUDIOVISUAL INCLUSIVA-AGAIN é unha asociación sen ánimo de lucro que traballa dende hai seis anos por conseguir que o cine sexa un arte por e para todas as persoas mediante a organización do *Festival de Cine Inclusivo de Vigo*. O seu obxectivo principal é facer do cinema unha arte inclusiva, para eliminar as barreiras visuais, auditivas e físicas para que os espectadores con algunha discapacidade poidan gozar do cinema. Tamén busca visibilizar a realidade da discapacidade a través da pantalla con presentacións, proxeccións, obradoiros e faladoiros. Pouco a pouco, e grazas ao público do festival, foi abríndose para visibilizar todo tipo de colectivos “excluídos” da sociedade ou en risco de exclusión, non só as persoas con discapacidade, convertíndose nun motor de entretemento, sensibilización da sociedade e disfrute da séptima arte e tódalas súas vertentes audiovisuais. Os seus obxectivos principais son: dar a coñecer ao público en xeral a realidade de diferentes colectivos en risco de exclusión a través do cinema e así fomentar que a sociedade sexa máis inclusiva; empoderar aos colectivos en risco de exclusión a través do audiovisual; fomentar a audiodescrición para as persoas con dificultades visuais e o subtítulado para as persoas xordas nas obras audiovisuais dos creadores galegos; atraer a novos públicos ao cinema.

**Liña 3.- Convenios de promoción de espazos culturais de interese público**

Esta liña estratéxica responde ao obxectivo de subvencionar espazos culturais de interese público, que teñen unha programación estable ao longo do ano e cun carácter representativo e singular dentro da cidadanía.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:55

Páxina 8 de 10

Expediente 69/142

CSV: 2DE683-42E256-42B9B7-1Y462N-EA9C6U-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>





Os obxectivos básicos que se persiguen son:

- a) Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantizando o exercicio de acceso universal á mesma
- b) Promover o desenvolvemento do sector cultural e creativo
- c) Axudar ao fomento de actividades culturais en espazos de interese público
- d) Fomentar a creación e/ou potenciación de novos públicos

No exercicio 2021, incluíriase unha subvención nominativa para a actividades culturais no Auditorio “Mar de Vigo” por importe de **500.000 €**; a condición de nominativa ben dada ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senon por razón ao obxecto, e ao inmovible no que se desenvolven as actividades culturais. As subvencións concédense por concorrencia competitiva a empresas e/ou empresarios/as.

## **REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS**

### ***1.- ASOCIACIÓN AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO, CIF G-27859834, 10.000 €. Actividades de difusión da obra do Pintor Manuel Colmeiro.***

Con data 17 de novembro de 2017, asinouse entre o Concello de Vigo e os herdeiros do pintor Manuel Colmeiro un contrato de comodato con compromiso de oferta de doazón de futuras pezas artísticas do legado do artista a favor da Administración Municipal.

A cláusula sétima do dito comodato estipulaba: *“O Excmo. Concello de Vigo, no período sinalado na cláusula primeira, e no suposto de que os descendentes legais de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS constitúan a asociación que seguidamente se cita, comprometerase a incluír nos orzamentos xerais municipais de cada ano (período 2018-2027) unha subvención nominativa a nove de tal asociación sen ánimo de lucro (ou ente de similar carácter) que teña por obxecto e finalidade esencial, entre outros, o estudo da obra e figura de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS”.*

Consta a data de hoxe que os herdeiros do artista teñen constituída unha asociación sen ánimo de lucro denominada “Asociación Amigos do Pintor Colmeiro”, con CIF G-27859834, polo que, en cumprimento do dito comodato, procede a inclusión dunha aplicación presupostaria de subvención nominativa no orzamento de 2021.

Vigo, data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Jesús López Moure



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:55

Páxina 9 de 10

Expediente 69/142

CSV: 2DE683-42E256-42B9B7-1Y462N-EA9C6U-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



Conforme,

O concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego

Abel Losada Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:55

Páxina 10 de 10

Expediente 69/142

CSV: 2DE683-42E256-42B9B7-1Y462N-EA9C6U-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>